

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DA MATERIA

PERCUSIÓN

TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO 2019-2020

PABLO DEL VALLE PRIETO

Debido á situación excepcional provocada polo Covid-19, e seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes de Galicia, procedemos á adaptación das programacións didácticas para este terceiro trimestre, tendo en conta que nos centraremos no reforzo, repaso e recuperación do 1º e 2º trimestre, así coma na profundización e ampliación daquelas aprendizaxes necesarias para que o alumnado continúe satisfactoriamente co seu proceso educativo.

1. OBXECTIVOS
2. CONTIDOS
3. METODOLOXÍA
4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES
 - A. CRITERIOS DE AVALIACIÓN
 - B. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
 - C. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1. OBXECTIVOS

- Traballar a técnica dos instrumentos de láminas a 2 baquetas por medio de escalas, arpexios e exercicios para adquirir velocidade.
- Continuar o aprendizaxe dos elementos técnicos da caixa a través dos rudimentos e a realización de estudos baseados nos mesmos. Diferenciar matices, articulacións e os fraseos por medio da técnica.
- O control do tempo como ferramenta fundamental
- Traballar a lectura a vista por medio de partituras sinxelas como quecemento.
- Acadar unha maior relaxación na interpretación buscando coñecer os puntos de tensión que se manifestan nas mans ou no corpo.
- Fomentar o uso da gravación personal para dotar ao alumno dun desenvolvemento crítico do seu traballo persoal.
- Concienciar ao alumno da importancia do estudio constante e produtivo.

2. CONTIDOS

- Desenvolvemento da capacidade do alumno na procura de obter un bo sonido nos instrumentos.
- O metrónomo como elemento indispensable para o control do ritmo
- Exercicios de técnica:
 - **4º curso das ensinanzas elementais:**
 - .Láminas: Tonalidades: Re Maior, Si menor, Si b maior e Sol menor. Escalas, arpexios e 2 exercicios baseados nestas tonalidades
 - Parches: — Golpes legato, acentos, traballo en piano e redobles. Procurar a igualdade entre mans.

- **1º curso das ensinanzas profesionáis:**

Láminas: Tonalidades: La Maior, Fa # menor, Mi b maior, e Do menor.

Traballo de 4 mazas: Dobres verticais, simples e simples alternados con intervalos de 4º 5º e 8º.

Parches: — Acentos, traballo en piano e redobles. Traballo de dobre golpe e coñecemento do golpe Up e do Down. Procurar a igualdade entre mans.

2 estudos rudimentáis a escoller entre: Redobre dobre, Redobre de 5, Flam, Paradiddle

- **3º curso das ensinanzas profesionáis:**

Láminas: Tonalidades: Todas as maiores. Escalas, arpexios e 2 exercicios baseados nestas tonalidades.

- Traballo de 4 mazas: Dobres verticais, simples e simples alternados con intervalos de 3º,4º, 5º, 6º, 7º e 8º.

Parches: —2 estudos rudimentáis a escoller entre: Paradiddle triple, Swiss Army, Paradiddle diddle e Single drag tap

- **4º curso das ensinanzas profesionáis:**

- Láminas: Tonalidades: Todas as maiores. Escalas, arpexios baseados nestas tonalidades. 2 lecturas a 2 baquetas onde demostrar velocidade e control.

Traballo de 4 mazas: Dobres verticais, simples e simples alternados con tódolos intervalos

Parches: 2 estudos rudimentáis a escoller entre: Redobre de 6, Double drag tap, drag paradiddle, redobre triple.

3. METODOLOXÍA

Debido á situación sanitaria actual a metodoloxía, sempre práctica, consiste na realización das clases mediante videoconferencia, na cal o alumno practica as pezas coa supervisión do profesor. Ademais reforzase o traballo por medio de gravacións para desenvolver o sentido crítico do alumno.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua e relativa á consecución dos obxectivos nas pezas que foran comezadas a traballar antes do período de confinamento. Terase en conta o traballado no período anterior, e únicamente as actividades realizadas durante o terceiro trimestre que favorezan ao alumnado.

5. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A comprobación das cualificacións dos anteriores trimestres e a valoración do desenvolvemento das clases telemáticas.

6. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A nota final será a obtida no segundo trimestre, agás naqueles casos nos que o desenvolvemento das clases mellore dita cualificación.

7. ATENCIÓN ÁS MATERIAS PENDENTES

Non hai alumnos con materias pendentes.